



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Perez, membros do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa o establecemento dunha base de probas para drones no Aeródromo de Rozas na Provincia de Lugo.

As intencións do Ministerio de Defensa e do Goberno Galego de dotar a Galicia dunha base para a experimentación e desenvolvemento de drones, teñen causado unha profunda preocupación na poboación Galega. Cada un dos acontecementos que se van coñecendo, a contagotas e con grande escurantismo, non fan outra cousa que afondar en dita preocupación.

En Marzo de 2011 facíase público o establecemento dun programa de avións non tripulados no Aeródromo de Rozas para a investigación, desenvolvemento de proxectos e divulgación no campo da aeronáutica, a través dun convenio co Instituto Nacional de Técnica Aeronáutica (INTA) dependente do Ministerio de Defensa. Participaron na xestión de dito convenio O Goberno Central, A Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Castro de Rei e o Real Aeroclub de Lugo. Dito convenio terá unha duración prorrogable de 10 anos.

Nestas datas confirmábase o inicio das probas por parte do Ministerio de Defensa para empregar o Aeródromo de Rozas como base de avións espía do programa da multinacional AEDS, unha das mais importantes en venda de armamento militar a nivel mundial.

No mes de xullo de 2012, producíase a visita do Xeneral de División Ignacio Azqueta e o Subdirector Xeral de Experimentación e certificación do INTA, Bartolomé Marqués ao aeródromo de Rozas. Ambos recoñecían a realización de probas con avións non tripulados e o inicio de obras de adaptación no Aeródromo Lucense para estes fins. Marqués e Azqueta declararon ademais, que Lugo podería ser unha das cinco bases de probas que os Estados Unidos tiña previsto instalar en Europa e poñer en marcha antes do 2015.

Os pasado mes de febreiro de 2013 levanta o voo en Rozas o “ATLANTE”, un avión non tripulado fabricado pola Empresa Cassidian, pertencente a multinacional EADS, o consorcio europeo líder mundial en venda de armamento, do que fora directivo o actual Ministro de Defensa, Pedro Morenés.

Alternativa Galega de Esquerda denunciou esta situación e presentou diferentes iniciativas no Parlamento Galego e no Congreso través do Grupo Izquierda Plural quen, ademais de realizar diferentes preguntas sobre este tema ao Goberno, solicitou a comparecencia do Ministro de Defensa que a día e hoxe segue pendente.

Tanto os responsables do aeródromo como os membros do INTA apresuráronse a dicir que as probas a realizar en Rozas, eran con avións destinados a uso civil.

O Dron “ATLANTE” é definido polo propio fabricante como un UAS (Unmanned Aerial System) polivalente, o que fai deste modelo “O primeiro avión non tripulado táctico capaz de realizar misións tanto civís como militares...”

O pasado mes de decembro, AGE tivo acceso a información que confirma o encargo do Ministerio de Defensa (hai mais de un ano) á empresa de mísiles MBDA da multinacional EADS, para artillar o Dron Atlante e dotalo así de armamento militar, completándose o proxecto que converte a este modelo nun UAS de combate. Quedan así probadas as nosas denuncias e as mentiras do INTA e dos responsables do aeródromo.

Estamos pois diante dun avión non tripulado dos chamado “dron”, tristemente célebres por practicar masacres e asasinatos a civís e militares nos principais escenarios de guerra do planeta. Cada ano son milleiros as vítimas deste tipo de avións que actúan impunemente en países como Pakistán, Yemen, Irak, Somalia, Afganistán, Palestina...

Por outra banda os chamados usos civís deste modelo de dron non son outros que a vixianza fronteiriza e o control das persoas migrantes dentro do proxecto europeo de vixianza Perseus que a Garda Civil esta a desenvolver no Aeroporto de Almería con este modelo dende o pasado verán.

Por estes e outros motivos as bases de drones son ademais destacados obxectivos militares e terroristas polo seu alto valor militar e estratéxico o que supón un risco mais que evidente para a cidadanía que se atope na súa contorna.

En xaneiro de 2014 o INTA anunciaba a inminente firma dun convenio coa Xunta de Galicia para perimetrar e cercar o aeródromo de Rozas, mellorar a Torre de Control, construír un novo hangar e instalar un sistema de seguridade aérea para detectar aparellos en voo, dentro do programa para o establecemento da base de probas para drones permanente que o Instituto Nacional de Tecnoloxía Aeronáutica previu para as instalacións Lucenses.

No pasado Debate do Estado da Nación, celebrado o pasado día 7 de outubro, o Presidente do Goberno Galego anunciou un investimento de 10 millóns de euros para adaptar as instalacións do aeródromo de Rozas e convertelo nunha base para drones de uso civil, empregando diñeiro público de Galicia ao servizo do Ministerio de Defensa para a realización de probas con drones de empresas privadas. O Presidente

do Goberno Galego ocultou información relevante de xeito grave e recalcou o carácter civil dos artefactos a desenvolver en Rozas cando xa se coñecían, como demostrou AGE, as probas con modelos de dron con fins militares como o propio ATLANTE.

Finalmente, o día 23 de Decembro de 2014, tivo lugar o acto de presentación do Centro de Investigación en Avións non Tripulados, ao que asistiu o Presidente da Xunta de Galicia e o Secretario de Estado de Defensa Pedro Argüelles, un evento no que de novo o señor Núñez Feijóo insistiu no carácter civil das Instalacións do Ministerio de Defensa.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Porque o executivo Galego no pasado Debate do Estado da Nación, afirmou que no Aeródromo de Rozas só se empregarían drones para uso civil cando xa quedaron demostradas as probas con modelos destinados a usos militares como o ATLANTE nas instalacións lucenses?.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 11/03/2015 14:32:32

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/03/2015 14:32:35

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 14:32:40